



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 1 DE AGOSTO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ANTEPROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Anteproxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a obra hidráulica de interese da Comunidade Autónoma prevista no anteproxecto "Novo emisario submarino da estación depuradora de augas residuais dos Praceres na ría de Pontevedra. Concello de Pontevedra, clave OH.336.1129. Xuño de 2019" e se autoriza a contratación da obra para a execución do citado anteproxecto, cun orzamento base de licitación de doce millóns corenta e nove mil oitocentos oitenta e tres euros con sesenta e cinco céntimos (12.049.883,65€) e un valor estimado de nove millóns novecentos cincuenta e oito mil cincocentos oitenta e un euros con cincuenta e tres céntimos (9.958.581,53€), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Boborás para a redacción do proxecto e construción dunha senda peonil na OU-214, por importe total de douscentos nove mil euros (209.000€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do II Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Axencia Galega de Innovación (Gain), Xesgalicia, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U. (Xesgalicia), o Consorcio da Zona Franca de Vigo (Consortio),



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Vigoactivo Sociedad de Capital Riesgo de Régimen Simplificado, S.A. (Vigoactivo), a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e Peugeot Citroën Automóviles España, S.A. (PSA), para continuidade dun foco de emprendemento no sector da automoción en Galicia (Business Factory Auto - BFA), por un importe total de trece millóns trinta mil euros (13.030.000 €), a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías no pagamento anticipado.

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Instituto Tecnológico de Galicia (ITG), para a elaboración da documentación técnica necesaria para levar a cabo a definición e o deseño do proxecto do Ecobarrio de Elviña, no concello da Coruña, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América para o programa de bolsas Xunta de Galicia-Fulbright, por un importe total de catrocentos trinta e dous mil euros (432.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Ramón y Cajal (convocatoria MEC 2017), por importe de douscentos noventa e catro mil euros (294.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (Aspanaes), para a cesión de uso do edificio do cámping situado no parque do Monte do Gozo por importe total de setecentos sesenta e catro mil oitocentos noventa e seis euros con setenta e oito céntimos (764.896,78 €), e polo que se modifican as porcentaxes e se autoriza a exención da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados e á conta.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Quiroga para a ampliación do Museo



Xeolóxico municipal de Quiroga por importe total de oitenta mil euros (80.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de medicamentos de carboplatino, doxorubicina, citarabina, bendamustina, capecitabina e temozolomida, con destino ás estruturas organizativas de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde, por un importe dun millón seiscentos trinta e seis mil trescentos cincuenta e catro euros con noventa e catro céntimos (1.636.354,94 €), e un valor estimado de catro millóns setecentos vinte mil douscentos cincuenta e catro euros con cincuenta e sete céntimos (4.720.254,57 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da prestación do servizo de xestión de residuos sanitarios, das clases: IIa (cortantes e punzantes de xestión conxunta con clase III), III, IV e V, procedentes dos centros do Servizo Galego de Saúde, por un importe de oito millóns cento nove mil catrocentos oitenta e nove euros con oitenta e cinco céntimos (8.109.489,86 €), e un valor estimado de once millóns cento oitenta e un mil oitocentos oitenta e cinco euros (11.181.885,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Fundación Campo Galego, para a mellora dunha infraestrutura orientada á posta en marcha do proxecto denominado: espazo cultural formativo do medio rural sobre os labores do campo e a mecanización agraria, por un importe de cento corenta e cinco mil cincocentos setenta e tres euros con cinco céntimos (145.573,05 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da concesión das Medallas Emilia Pardo Bazán no ano 2019.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Informe sobre o inicio do período de información pública da Estratexia galega de economía circular 2019-2030.



A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS PARA IMPULSAR E PROTEXER ESTE RECURSO ESTRATÉXICO

- *O texto normativo, que comeza agora o seu trámite parlamentario, regula por primeira vez en España os usos asociados ao lecer, dando así resposta á nova realidade nun sector de actividade que presenta grandes potencialidades*
- *Búscase garantir a seguridade, a salubridade e o aproveitamento ordenado e sustentable deste recurso, favorecendo tamén o desenvolvemento económico*
- *Detérmínanse as liñas xerais do procedemento administrativo de outorgamento das correspondentes concesións ou autorizacións, fíxanse os dereitos e obrigas dos titulares dos aproveitamentos e prevése un réxime de inspección e sanción*
- *A lei establece tamén un procedemento simplificado para a regularización dos aproveitamentos preexistentes, outorgando un prazo dun ano*
- *Galicia, a maior potencia termal de España, conta con 300 captacións de augas mineromedicinais, 21 balnearios e 3 talasos, e recibe cada ano preto de 150.000 usuarios*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, unha normativa coa cal a Administración autonómica impulsa e protexe este recurso, que é estratéxico para a Comunidade desde o punto de vista natural, patrimonial, cultural e turístico.

O texto normativo, que comeza agora o seu trámite parlamentario, complementa a regulación xa existente para as augas termais, que se limitaba a regular o seu uso con fins terapéuticos nos balnearios. Por primeira vez en España establécese un réxime normativo que ordena os usos lúdicos, dando deste xeito resposta á nova realidade nun sector de actividade que presenta grandes potencialidades asociadas ao benestar e ao lecer.

Galicia, que conta con 300 captacións de augas mineromedicinais, é a maior potencia termal de España. De feito, dispón de 21 balnearios e 3 talasos –con máis de 3.000 prazas hoteleiras, o que representa o 20% da oferta nacional– e recibe anualmente preto de 150.000 usuarios. Ademais, 7 dos 33 balnearios de España coa Q de Calidade Turística son galegos. Co texto que aprobou hoxe o Consello da Xunta garántese a seguridade, a salubridade e o aproveitamento ordenado e sustentable deste recurso, e impúlsase tamén o desenvolvemento económico e social.

O texto, que foi elaborado coa participación dos principais axentes e sectores con intereses na materia, distingue de xeito claro entre as augas termais destinadas a usos terapéuticos e preventivos, cun aproveitamento realizado en exclusiva en establecementos balnearios, tal e como xa recolle a normativa vixente, das augas termais destinadas a usos lúdicos, que se aproveitan en espazos e piscinas termais.

Estas últimas son as que se regulan neste proxecto de lei, que determina as liñas xerais do procedemento administrativo de outorgamento das correspondentes concesións ou autorizacións, e no cal se fixan os dereitos e obrigas dos titulares dos aproveitamentos e se prevé un réxime de inspección e sanción. Do mesmo xeito, a nova normativa establece un procedemento simplificado para a regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes, outorgando un prazo dun ano.

Tal e como se recolle no proxecto de lei, son os propietarios dos terreos onde emerxan as augas, ou os terceiros que acrediten a súa dispoñibilidade, os que poden solicitar o seu aproveitamento. Cando o terreo sexa de dominio público, outorgárase o dereito de aproveitamento mediante concesión administrativa por un período de 30 anos prorrogable ata un máximo de 75. Cando os terreos sexan de titularidade privada, concederáse unha autorización administrativa polo período previsto no proxecto de explotación, revisable por períodos de, como máximo, 10 anos. A normativa regula tamén a prelación e compatibilidade entre aproveitamentos terapéuticos e lúdicos das augas termais, con dereitos preferentes para o aproveitamento terapéutico.

Por outra banda, entre as obrigas dos titulares das concesións ou autorizacións está asegurar que se cumpren as condicións hixiénico-sanitarias, acreditar a garantía financeira suficiente e formalizar un seguro de responsabilidade civil.

O obxectivo é velar pola salubridade e hixiene dos aproveitamentos turísticos das augas termais; garantir a sustentabilidade ambiental, mediante unha explotación racional que preserve o ambiente e o medio acuífero, tanto en termos de calidade como de cantidade; protexer a súa integridade como recurso natural, patrimonial e turístico, e promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden augas termais.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO E EXECUCIÓN DO EMISARIO SUBMARINO DA DEPURADORA DOS PRACERES, NA RÍA DE PONTEVEDRA, POR MÁIS DE 12 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará nos vindeiros días esta actuación, que conta cun prazo de execución de 18 meses*
- *Esta infraestrutura hidráulica é unha das medidas incluídas no Plan de saneamento local para cumprir os requisitos en materia de depuración exixidos por Europa*
- *Trátase de executar un novo emisario submarino que separe as verteduras industriais e os residuais e que conte coas dimensións adecuadas ás necesidades actuais e futuras, eliminando e minimizando as afeccións á actividade marisqueira*
- *O Goberno galego mantén o compromiso adquirido fronte á Comisión Europea de pór en funcionamento un sistema de saneamento completo para a ría de Pontevedra*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o gasto de máis de 12 millóns de euros para a contratación da redacción do proxecto e execución do novo emisario submarino da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, na ría de Pontevedra.

Mediante este acordo, o Executivo autonómico dá o visto e prace á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de cara a progresar nesta obra hidráulica declarada de interese da Comunidade Autónoma no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa. Nos vindeiros días será licitado este contrato, que ten un prazo de execución de 18 meses.

Para a licitación deste contrato empregárase como documento técnico base o anteproxecto aprobado definitivamente polo Executivo autonómico o pasado xoves, do novo emisario submarino da estación depuradora dos Praceres, trámite necesario ao supoñer a adaptación do planeamento urbanístico municipal.

Tal e como recolle o anteproxecto, a actuación divídese en dúas principais: a obra terrestre, que se corresponde coa execución da cámara de carga e estación de bombeo a emisario, e o emisario submarino. As obras proxectadas darán servizo a unha poboación aproximada de 141.204 habitantes para o *ano horizonte* 2042.

A obra contida neste anteproxecto é unha das medidas incluídas no Plan de saneamento local da ría de Pontevedra, que está a executar Augas de Galicia, co obxectivo de solucionar os problemas que afectan a ría de Pontevedra. En concreto, as deficiencias que impiden alcanzar os obxectivos e cumprir os requisitos en materia de depuración exixidos por Europa, sobre o tratamento de augas residuais urbanas, cuxo incumprimento foi declarado pola Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 16 de marzo de 2016.

A raíz deste pronunciamento xudicial, o Goberno galego comprometeuse fronte á Comisión Europea a pór en funcionamento un sistema de saneamento completo para a ría de Pontevedra en varias fases. Neste eido, unha destas fases se corresponde coa execución dun novo emisario submarino que separe as verteduras industriais e as residuais e que conte, ademais, cunha dimensión adecuada, tendo en conta as necesidades actuais e as futuras, eliminando e minimizando as afeccións á actividade marisqueira na zona.

Esta actuación dispón dun orzamento de máis de 12 millóns de euros é cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

A EDAR dos Praceres

A EDAR dos Praceres recolle a maioría das augas procedentes das redes de saneamento de Pontevedra e Marín, a maior parte de Poio e unha parte do saneamento de Vilaboa.

A EDAR está deseñada para un caudal medio de 750 litros/segundo e máximo de 900 l/s, caudais que son amplamente superados en tempo de choiva e, por outro lado, en tempo seco existen problemas no deseño que impiden que se poidan obter os obxectivos de tratamento para os cales foi dimensionada a EDAR.

Neste sentido, o efluente depurado, coas limitacións citadas, verte a través dun emisario submarino na ría de Pontevedra. A capacidade deste emisario é na actualidade insuficiente para evacuar o caudal de deseño da futura EDAR. Así mesmo, a localización do tramo difusor actual e a súa orientación non é a máis idónea para minimizar as afeccións aos polígonos de bateas, ademais de ter un impacto no bordo litoral da illa de Tambo.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O INVESTIMENTO DE 210.000 EUROS NA EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E NA RENOVACIÓN COMPLETA DO FIRME DA ESTRADA OU-214, NO CONCELLO DE BOBORÁS

- *Actuarase nun treito de 900 metros desta estrada autonómica, desde A Almuzara ata a estación de ferrocarril*
- *A Xunta asumirá o custo das actuacións e corresponderalle á Administración local a adxudicación e execución das obras, así como asumir a titularidade da estrada*
- *O Executivo autonómico e o Concello colaboran para fomentar investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, favorecendo o desenvolvemento económico e social e unha maior calidade de vida á cidadanía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Boborás, para a execución dunha senda peonil e a renovación completa do firme da estrada OU-214 ao seu paso polo concello de Boborás.

Cun investimento autonómico de 210.000 euros, esta colaboración entre as administracións autonómica e local ten como obxectivo a mellora das condicións de accesibilidade e mobilidade dos veciños deste concello ourensán, e o reforzo da seguridade viaria.

O Goberno galego dá así o visto e praxe ás actuacións previstas na estrada de titularidade da Xunta, que ten unha lonxitude de 900 metros e que comeza na estrada N-541, na Almuzara, e remata na estación de ferrocarril de Boborás.

Tal e como recolle o convenio aprobado hoxe, trátase da renovación completa desta estrada e a construción dunha senda paralela, que redundará na calidade de vida dos veciños, xa sexan peóns ou condutores. A senda garante, ademais, un espazo seguro para tránsito de peóns nunha vía con presenza de vivendas nas súas marxes.

As actuacións que se van realizar no marco do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico inclúen a redacción do proxecto técnico da senda e a renovación completa da capa de rodada e a sinalización horizontal na OU-214. Tamén prevé a construción dun itinerario peonil, aproveitando que as marxes da vía contan con espazo suficiente para a súa execución.


Segundo establece o convenio aprobado hoxe pola Xunta, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade asumirá os gastos de execución das obras e comprométese a transferir ao concello a titularidade da totalidade desta vía. Ao Concello de Boborás correspóndelle adxudicar, dirixir e executar estas obras de conformidade co proxecto,



asumir a titularidade da estrada antes da licitación das obras e a obriga da súa conservación e mantemento.

Con estas actuacións, a Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Boborás, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía.

No seguinte mapa amósase a zona da actuación:





A XUNTA RENOVA O CONVENIO PARA IMPULSAR ATA 60 NOVOS PROXECTOS A TRAVÉS DA BUSINESS FACTORY AUTO NOS PRÓXIMOS CATRO ANOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Consorcio Zona Franca, VigoActivo, Ceaga e PSA, polo que a Administración autonómica achega máis de 11M€*
- *A iniciativa, para seguir incrementando o emprendemento industrial en Galicia, permitirá realizar tres novas convocatorias nas cales poderán participar emprendedores con plans innovadores, con vocación de internacionalización e con potencial para fortalecer a automoción*
- *A aceleradora permitirá a finais de 2019, coas tres edicións que xa se celebraron, a creación de 35 empresas, a xeración de 250 empregos e unha facturación de 33M€*
- *A BFAuto foi recoñecida a nivel nacional e internacional como unha iniciativa singular de aceleración para apoiar o emprendemento industrial e innovador*
- *A Xunta ten en marcha a plataforma StartIN Galicia, que agrupa todas as aceleradoras da Administración galega para impulsar de xeito integral o emprendemento en todo o territorio, a través da cal se apoiaron 1000 proxectos nos últimos cinco anos*
- *A industria galega da automoción supón o 14% da produción nacional de vehículos, o 25% das exportacións de Galicia e representa o 13% do emprego industrial*

A Xunta renovará o convenio de colaboración co Consorcio Zona Franca de Vigo, VigoActivo, Ceaga e PSA Group para poñer en marcha ata 2022 tres novas convocatorias da aceleradora Business Factory Auto (BFAuto), especializada en automoción. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste acordo por un importe global de máis de 13M€, dos cales a Administración galega achegará 11.174.000 euros (preto do 86%).

O obxectivo desta iniciativa é poder seguir incrementando o emprendemento industrial innovador na Comunidade galega nun sector estratéxico como é a industria da automoción que supón o 14% da produción nacional de vehículos, o 25% das exportacións de Galicia e que con 22.300 postos de traballo representa o 13% do emprego industrial. A aceleradora, ademais, céntrase na Industria 4.0, dando resposta a un dos retos da Axenda Industria 4.0, que inclúe entre as súas medidas a curto prazo a continuidade da BFAuto.

O novo convenio permitirá a convocatoria de tres novas edicións da aceleradora, tanto para novos proxectos como para a consolidación, a través das cales prevé impulsar ata 60 novos plans. Poderán acollerse á BFAuto emprendedores con proxectos innovadores, con vocación de internacionalización e con potencial para fortalecer o sector da automoción en Galicia. Do que se trata é de consolidar a BFAuto como referente na Unión Europea e de poder configurar na Comunidade galega un ecosistema de innovación no ámbito da automoción.

Cada edición constará de catro fases: a convocatoria para a captación de proxectos e presentación de candidaturas; a selección dos plans; a aceleración de nove meses de duración en que os proxectos seleccionados recibirán o apoio da iniciativa a través da posta á disposición de recursos e da organización de actividades; e a consolidación, de 12 meses de duración, en que un máximo de 10 equipos participarán nun proceso de formación, mentorización e networking.

Balance das tres edicións

Nas súas tres edicións xa celebradas, a BFAuto, con sede no porto do Molle (Nigrán), contribuíu á industria da automoción galega, alcanzando importantes avances no eido da sensórica, a cobótica, a impresión 3D ou a robótica, e dando resposta ás principais necesidades do sector. Desde a súa posta en marcha en 2016, foi recoñecida a nivel nacional e internacional como unha iniciativa singular de aceleración para apoiar o emprendemento industrial e innovador. Así, foi designado o proxecto mellor difundido pola Federación de Agrupacións Empresariais de Clústers; a mellor práctica desenvolvida nun parque tecnolóxico pola Asociación de Parques Empresariais e Tecnolóxicos de España; Regional Partner nos StartUp Europe Awards; e tamén logrou o recoñecemento da Eurada pola súa contribución ao crecemento e á mellora da competitividade.

A aceleradora permitirá a finais de 2019, coas tres edicións que xa se celebraron, a creación de 35 empresas, a xeración de ao redor de 250 empregos e unha facturación de 33M€. A BFAuto destaca, ademais, polo seu carácter internacional, xa que o 30% das 35 compañías que participaron xa exporta os seus produtos ou servizos. Ademais, recentemente, *Lightbee Mobility*, empresa da segunda edición, foi seleccionada para ofrecer as súas solucións no *Mobile World Congress* de Shangai e *Muutech Monitoring Solutions* e *Xesol* participaron no *Cebit* de Hannover en xuño. En xaneiro varias compañías acudirán ao CES Las Vegas, a feira máis coñecida do mundo en electrónica de consumo.

A iniciativa tamén resalta pola forte implicación do sector, xa que o 50% dos proxectos están titorizados por empresas de Ceaga, o 80% dos proxectos de aceleración están realizando plans pilotos en compañías de automoción e o 80% das firmas de consolidación están facturando xa no sector.

A terceira edición da BFAuto obtivo un récord de participación con 62 proxectos presentados de 9 países diferentes (España, Portugal, Francia, Alemaña, Hungría, Romanía, Lituania, Taiwán e Dubai), todos eles relacionados coa Industria 4.0.

A posta en marcha de novos proxectos emprendedores, especialmente os de carácter innovador e con potencial de internacionalización, é fundamental para a incorporación da innovación ao tecido produtivo. Por iso, a Xunta ten en marcha a plataforma StartIN



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Galicia, que agrupa todas as aceleradoras da Administración galega para impulsar o emprendemento en todo o territorio, a través da cal se apoiaron 1.000 proxectos nos últimos cinco anos. Destacan as aceleradoras sectoriais como a BFAero, no eido aeroespacial, que está apoiando seis iniciativas; a BFFood, que na súa primeira convocatoria está a acompañar seis iniciativas de emprendemento innovador; ou Biolncubatec, no sector biotecnolóxico. Tamén destacan os espazos *coworking*, que xa beneficiaron 1.500 emprendedores durante os tres últimos anos, ou VíaGalicia, centrada nas TIC.



O PROXECTO DO ECOBARRIO DA CORUÑA CONVERTERÁ A ZONA DE ELVIÑA NUN EXEMPLO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E CALIDADE DE VIDA

- *A Xunta avanza na posta en marcha desta iniciativa cun convenio de colaboración co Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) dotado con 500.000 euros*
- *Este centro tecnolóxico levará a cabo os estudos técnicos necesarios para a definición e o deseño das actuacións, que permitirán mellorar a eficiencia enerxética nun 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 15%*
- *Realizaranse auditorías e análises técnicas centradas na posta en marcha dunha rede de district heating, na rehabilitación de edificios públicos e privados, na iluminación exterior e interior, na creación de espazos para a convivencia e na mobilidade sustentable*
- *Calcúlase que o EcoBarrio podería mobilizar 33 millóns de euros en investimentos e crear 150 postos de traballo*
- *A Administración autonómica xa está a desenvolver na cidade de Ourense o EcoBarrio da Ponte, un proxecto integral de referencia a nivel europeo que inclúe unha rede de district heating de xeotermia*

A Xunta avanza na posta en marcha dun EcoBarrio no concello da Coruña. Será a través dun convenio co Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) para a definición e o deseño das actuacións, que buscan converter a zona de Elviña nun exemplo de eficiencia enerxética e calidade de vida para a cidadanía. Así, espérase que o proxecto, que nunha previsión inicial se calcula que podería mobilizar arredor de 33 millóns de euros, permita mellorar a eficiencia enerxética nun 20%, reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 15% e crear 150 postos de traballo.

Mediante o acordo de colaboración aprobado hoxe no Consello da Xunta, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), achega 300.000 euros. O ITG encargárase de realizar os estudos técnicos necesarios para desenvolver este proxecto integral centrado na eficiencia enerxética, o emprego de enerxías renovables e a redución do consumo de auga e das emisións de gases de efecto invernadoiro.

O convenio inclúe a realización por parte do centro tecnolóxico coruñés de diferentes auditorías e análises técnicas centradas no consumo enerxético e de auga en edificacións públicas e privadas; na posta en marcha dunha rede de *district heating* (rede de distribución de calor); na instalación de paneis solares fotovoltaicos; na rehabilitación de envolventes en edificios públicos e privados; na iluminación exterior e interior; na creación e mellora de espazos para a convivencia; e na mobilidade sustentable, así como a elaboración de pregos técnicos para a realización das diferentes licitacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Xunta xa está a desenvolver en Ourense o primeiro EcoBarrio de Galicia, un proxecto integral de referencia a nivel europeo que se desenvolve no barrio da Ponte. Prevese que esta actuación, que inclúe a primeira rede europea de *district heating* de xeotermia, contribúa tanto á redución do consumo enerxético como á mellora nun 20% da eficiencia, posibilitando tamén a rebaixa das emisións de gases contaminantes.

Ambas as iniciativas se enmarcan nas directrices enerxéticas de Galicia (2018-2020), cuxas accións mobilizarán máis de 3.000 millóns de euros no sector e favorecerán a creación de 12.000 empregos.

A XUNTA DESTINARÁ 432.000 EUROS A QUE 36 POSDOCTORAIS GALEGOS ACCEDAN ÁS PRESTIXIOSAS ESTADÍAS DA COMISIÓN FULBRIGHT EN EEUU

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio que dará cobertura ás convocatorias de posdoutorais dos anos 2019, 2020 e 2021*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun novo acordo de colaboración coa Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright), por un importe de 432.000 euros, para o programa de bolsas Xunta de Galicia-Fulbright. Deste xeito, posibilitase que ata 36 bolseiros posdoutorais galegos -12 cada ano- poidan acceder de forma complementaria a unha estadía da prestixiosa entidade, e terán unha axuda complementaria de 5.000 euros brutos anuais durante cada un dos dous anos de estadía nos EE. UU. para gastos de instalación e mantemento.

Esta acción permitirá que 12 beneficiarios das convocatorias de posdoutorais da Xunta de Galicia -10 da Consellería de Educación e 2 da Consellería de Economía, Emprego e Industria- deste ano 2019 e dos vindeiros 2020 e 2021 na súa modalidade A, e que realicen a estadía no Estados Unidos de América, poidan optar á condición de bolseiro ou bolseira Fulbright. O obxecto do acordo autorizado hoxe é financiar os servizos complementarios destinados ás persoas beneficiarias das estadías Fulbright que prestará a Comisión, tales como xestión e apoio de visados; apoio, xestión e asesoría durante a estadía nos Estados Unidos; participación dos beneficiarios en seminarios, actividades científicas e culturais que organice o programa Fulbright e que se organicen no seu nome; seguro médico con cobertura de enfermidade e accidentes; así como formar parte da rede de antigos alumnos Fulbright do *U. S. Department of State*.

O Programa Fulbright é un programa de axudas académicas de referencia mundial que ten como finalidade promover e fomentar intercambios culturais, educativos e científicos entre universidades, centros de investigación ou outras institucións educativas dos Estados Unidos de América. Está presente en 160 países baixo os principios de globalidade e excelencia académica dos seus participantes. A Comisión Fulbright é o organismo bilateral encargado de facilitar a administración, a coordinación e o seguimento das actuacións derivadas do Programa Fulbright entre o país participante e os Estados Unidos.

A selección dos investigadores beneficiarios levarase a cabo mediante a correspondente convocatoria pública de bolsas posdoutorais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain).

EDUCACIÓN DESTINA 294.000 EUROS Á INCORPORACIÓN DE SETE CIENTÍFICOS DO PROGRAMA RAMÓN Y CAJAL ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *A Consellería cofinancia a contratación a tempo completo destes investigadores e a súa incorporación aos campus galegos por un período de cinco anos*
- *Esta acción enmárcase dentro das liñas estratéxicas do Goberno galego de captación, formación e retención do talento no SUG, así como de respaldo ao traballo grupal*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional achegará un total de 294.000 euros ás tres universidades galegas para a incorporación de sete científicos do Programa Ramón y Cajal que traballarán como investigadores nos campus universitarios de Galicia nos próximos cinco anos.

O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería e as universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo, segundo o cal Educación cofinancia a contratación, por parte das universidades galegas, de sete científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador, beneficiarios do subprograma Ramón y Cajal (do Ministerio Ciencia, Innovación e Universidades).

Grazas ao apoio da Consellería, a UDC, a USC e a UVigo poderán contratar laboralmente os sete candidatos seleccionados a tempo completo durante cinco anos e coas condicións establecidas no Ramón y Cajal (RyC), 5 deles na Universidade de Santiago de Compostela, 1 na Universidade de Vigo e outro na da Coruña. Isto é, que as universidades galegas poden captar os investigadores do programa estatal máis competitivo que existe sen ningún custo adicional para as súas arcas.

Ao abeiro deste convenio, o Goberno galego -no marco do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020- axuda a cofinanciar os custos asociados á contratación do persoal investigador do Ramón y Cajal, cuxos salarios e cotas empresariais da Seguridade Social son por conta do Ministerio de Economía e Competitividade. Este apoio súmase aos 13 científicos Juan de la Cierva que se incorporarán ao SUG e cuxos custos de contratación tamén financia a Consellería.

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada en centros de I+D a través de contratos laborais ao longo de cinco anos. A través do Programa de captación de talento, trátase de incentivar e apoiar accións de incorporación de científicos de alto nivel sen que iso comporte unha carga orzamentaria para as universidades, centros de investigación ou grupos onde desenvolvan a súa actividade.

A XUNTA ULTIMA A RECUPERACIÓN DO MONTE DO GOZO COA CESIÓN DO ANTIGO CÁMPING Á ASOCIACIÓN ASPANAES PARA A CREACIÓN DUN NOVO CENTRO ASISTENCIAL E TURÍSTICO

- *O convenio posibilitará o desenvolvemento de estadias ou campamentos para o colectivo autista e a posta en marcha dun centro de atención diúrna terapéutica*
- *O acordo está dotado con preto de 800.000 euros para o financiamento dos gastos derivados de dotar o edificio das condicións e melloras oportunas*
- *A integración é un dos principais valores do Plan Estratéxico do Xacobeo 21 con que a Xunta aposta por unha programación inclusiva e accesible*

O Consello da Xunta deu hoxe un novo impulso á recuperación e posta en valor do Monte do Gozo ao autorizar a sinatura dun convenio coa Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista (Aspanaes) para a cesión durante 33 anos do espazo do antigo cámping, onde se creará un novo centro de atención diúrna e de prevención. Trátase dun acordo dotado con preto de 800.000 euros polo que o Goberno autonómico se compromete a dotar o edificio das condicións oportunas e a garantir o bo estado das instalacións exteriores.

Neste sentido, a Xunta de Galicia e Aspanaes impulsarán un proxecto que contribuirá a mellorar a atención das persoas autistas en Galicia ao tempo que impulsará a creación dun proxecto único, singular e demostrativo dun turismo integral e inclusivo dando resposta a unha das liñas principais do Plan Estratéxico do Xacobeo 21, que aposta por facilitar a accesibilidade ao Camiño de Santiago e a programación especial do Ano Santo a todas as persoas.

Así, como parte desta colaboración, crearase un servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e ofreceranse novos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción de autonomía persoal, o que permitirá dar unha resposta eficiente e sustentable á demanda de hoxe e do futuro tanto destas persoas como das súas familias.

Este proxecto inclúe tamén o desenvolvemento dun innovador proxecto que permitiría, en colaboración con Aspanaes, organizar estadias ou campamentos para o colectivo autista de calquera parte do mundo, xa que, ademais de contar cunhas instalacións especificamente destinadas a eles, o recinto dispón tamén dun albergue público que podería facilitar o aloxamento para os familiares que desexen acompañar os seus fillos. Esta colaboración permitiría crear un polo de atracción para un sector da poboación carente dunha oferta turística e de ocio adaptada as súas especiais condicións que daría pleno sentido ao concepto do Monte do Gozo asociado, desde a súa creación, a un

espazo de encontro de peregrinos e turistas e, desde agora, de persoas con calquera tipo de discapacidade e as súas familias.

No tocante ao traballo técnico, as actuacións centraranse en reformar, reparar e mellorar o inmovible levando a cabo traballos na estrutura, nos cerramentos, nas instalacións ou nas cubertas e actuando sobre a cimentación, nas carpintarías, no terreo ou nos elementos comúns do interior.

Recuperación dun espazo icónico

Esta colaboración enmárcase na preparación do vindeiro Ano Santo para o que o Goberno autonómico está a dar xa importantes pasos. Así, co obxectivo de que o recinto do Monte do Gozo chegue a esta cita no mellor estado posible, púxose en marcha o Plan de Actuación do Monte do Gozo co obxectivo de que este recinto, creado para acoller peregrinos, turistas e visitantes durante o Ano Santo de 1993, recupere o seu dinamismo.

Para poñer en valor este recinto que conta cunha extensión de 600.000 metros cadrados, desde o Goberno autonómico leváronse a cabo accións como a creación dunha área de piscinas públicas, a mellora do auditorio, a adecuación do Camiño de Santiago, a posta a punto do parque ou a concesión do complexo de aloxamento, que inclúe a mellora das edificacións e a súa urbanización. Neste sentido, e agora que a recuperación do Monte do Gozo se atopa na última fase, esta colaboración con Aspanaes permitirá recuperar o espazo dedicado ao antigo cámping.

Catro décadas de programas e servizos

Aspanaes é unha entidade non lucrativa de acción social de utilidade pública que leva máis de 40 anos proporcionando programas e servizos adecuados a cada etapa vital da persoa con autismo e facilitar aos seus familiares unha rede de apoio especializada.

A estimación de persoas beneficiarias só na zona de Santiago de Compostela estímase en 130, e sinálase a importancia de ter un espazo adecuado para a atención deste colectivo. Indícase que, actualmente, unha de cada 100 persoas nadas en Europa presenta autismo, alcanzando máis de 3,3 millóns de europeos. En España 450.000 persoas presentan TEA e dáse en catro homes por cada muller.

A XUNTA IMPULSARÁ A AMPLIACIÓN DO MUSEO XEOLÓXICO MUNICIPAL DE QUIROGA COMO REFORZO AO XEOPARQUE DO COUREL

- *A Consellería de Cultura e Turismo realizará unha achega de 80.000 euros para este fin, o que contribuirá a promover o turismo científico nesta localidade lucense*

A Consellería de Cultura e Turismo impulsará a ampliación do Museo Xeolóxico Municipal de Quiroga a través dun acordo aprobado hoxe en Consello e polo que a Xunta de Galicia achegará 80.000 euros. O principal obxectivo é promover o turismo nesta localidade situada no Xeoparque Mundial da Unesco Montañas do Courel.

O museo, inaugurado en 2011, está dedicado á divulgación, estudo e protección dos valores xeolóxicos da comarca quiroguesa e ademais da súa importante traxectoria para impulsar o patrimonio cultural, ten o valor engadido de ser o único en Galicia dedicado a esta temática. Na actualidade, conta con cinco salas dedicadas cada unha delas á formación do territorio en Galicia, á historia paleontolóxica galega e evolución da vida, á idade dos xeos, ás primeiras ocupacións humanas na zona e á minaría.

Este centro recibe 7000 visitas ao ano e constitúe o complemento perfecto para a posta en valor dun recurso natural de primeiro nivel como é o Xeoparque Mundial da Unesco Montañas do Courel, declarado como tal recentemente e ao que tamén se dará impulso coa ampliación. O xeoparque está surcado por vales profundos e canóns formados pola erosión. Na admirable paisaxe das súas montañas pódense observar trazas de explotacións minerais, mostras manifestas da indisoluble relación entre o ser humano e os recursos minerais proporcionados polos solos rochosos paleozoicos da rexión, que forman unha barreira entre o interior da Península Ibérica e a súa fachada atlántica.

A ampliación do museo enmárcase na Estratexia do Turismo de Galicia 2020 que sinala como un dos seus retos o aproveitamento do potencial dos recursos naturais de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial.

O Goberno galego tamén está a traballar intensamente no desenvolvemento das accións incluídas no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 para amosar a mellor versión de Galicia no vindeiro Ano Santo. Un traballo comezado hai anos con fitos como o recoñecemento oficial do Camiño de Inverno, no cal se atopa o Museo Xeolóxico municipal de Quiroga.

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 1,6 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE MEDICAMENTOS PARA O TRATAMENTO DO CANCRO

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a compra centralizada de seis medicamentos destinados aos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde por valor de máis de 1.636.354,94 euros.

En concreto, trátase da subministración sucesiva de carboplatino, doxorubicina, citarabina, bendamustina, capecitabina e temozolomida. A contratación realizarase dividida en seis lotes, un por cada principio activo.

En todos os casos, trátase de medicamentos para o tratamento dos pacientes con diagnóstico de cancro que requiren a dispensación e administración de medicamentos con actividade fronte a células cancerosas, así como garantir a continuidade, control e seguimento das terapias xa establecidas.

A contratación centralizada destes medicamentos para todos os hospitais permite establecer un prezo único, evitando variacións entre distintos centros hospitalarios así como garantir a continuidade das terapias en todo o Sergas.



O SERGAS CENTRALIZA POR PRIMEIRA VEZ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS SANITARIOS PERIGOSOS POR VALOR DE 8,1 MILLÓNS DE EUROS

- *Suporá unha redución estimada dun 12,5% sobre o gasto actual*
- *O Sergas xestiona anualmente máis de 2.100 toneladas de residuos perigosos, que deben ser xestionados co fin de previr riscos tanto para as persoas expostas como para a saúde pública e o ambiente*
- *Sanidade valorará na contratación criterios ambientais e promoverá o aproveitamento, reutilización e valorización dos residuos, os seus envases e o seu transporte*

O Servizo Galego de Saúde contratará por primeira vez de forma centralizada a prestación do servizo de xestión de residuos sanitarios. O Consello da Xunta autorizou a contratación deste servizo por un importe total de 8.109.489,85 euros para os vindeiros catro anos.

A contratación integrada deste servizo incorpora unha mellora económica xa que o orzamento de licitación comporta un aforro anual 252.550 euros, o que supón aproximadamente un 12,5% sobre o gasto actual, pendente aínda de posibles rebaixas no proceso de licitación e adxudicación. Na actualidade este servizo é contratado por cada estrutura organizativa de xestión integrada polo que ademais da mellora económica, esta contratación centralizada suporá unha homoxeneización dos procesos de xestión de residuos en todas as áreas sanitarias.

O servizo que se vai contratar ten por finalidade dispoñer de procesos de recollida, transporte, tratamento e eliminación dos residuos sanitarios perigosos, utilizando para iso criterios de xestión avanzada. Segundo a normativa vixente, especificamente o Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, os residuos sanitarios de Galicia clasifícanse en dúas modalidades: xerais (clases I e II), e perigosos (clases III a V). En concreto, o expediente de contratación refírese a residuos sanitarios procedentes dos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde das clases IIa (cortantes e punzantes de xestión conxunta, de cultivos e, en xeral, que tivese contacto cos doentes dentro da actividade sanitaria), III (residuos sanitarios biocontaminados), IV (residuos citotóxicos e citostáticos) e V (outros residuos perigosos como aceites, disolventes, produtos químicos etc...).

O Servizo Galego de Saúde ten que xestionar aproximadamente 2.112 toneladas de residuos perigosos anualmente. Neste volume inclúese os residuos de clases III e IIa que son a maioría dos que xenera o Sergas e representan o 77% do total. Os residuos de

clase IV representan o 10% dos residuos e os residuos de clase V representan o 13% do total.

Contratación eficaz e respectuosa co ambiente

A contratación ten como obxectivo principal previr os riscos que a xestión de residuos poden xerar, tanto para o persoal e os pacientes como para a saúde pública e o ambiente. O Sergas tamén busca un servizo de xestión eficaz que facilite o cumprimento do labor asistencial así como cumprir a normativa específica vixente e prestar o servizo de acordo cos plans de xestión de residuos dos centros e os seus sistemas de xestión ambiental nas estruturas organizativas de xestión integrada.

Esta contratación, ademais de abaratar custos ao facer economías de escala, permitirá un maior coidado do ambiente. É obxectivo do Sergas promover unha xestión de residuos que sexa sustentable ambientalmente e promover o aproveitamento, reutilización e valorización dos residuos, os seus envases e o seu transporte.

Así, na contratación teranse en conta criterios ambientais como a organización específica do servizo en canto aos almacéns e plantas, medios técnicos e humanos, e plan de funcionamento. Tamén outros criterios serán tidos en conta como a xestión dos envases e contedores de residuos, a forma en que se fará o tratamento, valorización, recuperación e minimización dos residuos, a calidade do plan de emerxencia e a formación e sensibilización do persoal.

A XUNTA APOIA A CREACIÓN DUN ESPAZO EXPOSITIVO SOBRE A HISTORIA DOS LABORES DO CAMPO E A MECANIZACIÓN AGRARIA NO RECINTO FEIRAL DA SEMANA VERDE DE GALICIA, EN SILLEDA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Fundación Campo Galego para levar a cabo este proxecto senlleiro*
- *A Consellería do Medio Rural achegará máis de 145.000 euros para esta iniciativa que pretende crear un espazo único na Comunidade Autónoma, que reforzará tanto o potencial histórico e turístico, como o apego á cultura tradicional*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Fundación Campo Galego para apoiar a posta en marcha dun espazo cultural e formativo do medio rural sobre os labores do campo e a mecanización agraria. Será no auditorio do recinto Feiral Semana Verde de Galicia, no concello pontevedrés de Silleda.

Esta iniciativa enmárcase dentro dos chamados “proxectos senlleiros” que desenvolve Agader e consistirá nun espazo museístico que pretende dar a coñecer toda a historia da mecanización do agro en Galicia. Deste xeito, existirá na nosa comunidade un lugar onde escolares, investigadores e sociedade en xeral poidan ver a evolución e desenvolvemento do rural galego a través da mecanización do sector primario.

A través deste acordo a Consellería do Medio Rural achegará máis de 145.000 euros para levar a cabo as obras pertinentes, tales como a construción dunha cova do paleolítico e dun castro celta, ademais de tótems e gráficas. Así, o espazo pretende converterse nun lugar onde as novas xeracións e turistas saiban de onde vimos, pero tamén indicado para profesionais e expertos, xa que o seu fondo documental será ideal para preparar teses de doutoramento, estudos etc.

Polo tanto, o obxectivo é dispor dun espazo senlleiro e único na Comunidade Autónoma que reforzará tanto o potencial histórico e turístico como o apego á cultura tradicional. Deste xeito, a través da actividade económica vinculada ás visitas culturais e turísticas, contribuirase a fixar poboación no rural, obxectivo último da Xunta.

Proxectos senlleiros

A Consellería do Medio Rural levou a cabo nos dous últimos anos uns 30 proxectos senlleiros por toda Galicia que contaron cun orzamento de máis dun millón de euros. Para este ano 2019, está previsto investir neste tipo de iniciativas máis de 900.000 euros (entre os que están os 145.000 deste convenio).



A XUNTA CONCEDE AS MEDALLAS EMILIA PARDO BAZÁN A CLUN, ÁNGELES CARMONA E A ASOCIACIÓN DE DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA

- *O acto de entrega da medallas terá lugar o vindeiro 16 de setembro, en conmemoración do nacemento da escritora galega*
- *O Goberno galego recoñece así o labor que levan a cabo en prol da igualdade entre mulleres e homes e por construír unha sociedade máis igualitaria baseada nos principios de igualdade, xustiza e solidariedade*

O Consello da Xunta acordou hoxe dar o visto e prace á acta de comisión de valoración e conceder as Medallas Emilia Pardo Bazán á Asociación de Diagnosticados de Cancro de mama (ADICAM), a Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN) e á presidenta do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero, Ángeles Carmona, como recoñecemento polas accións que levan a cabo en prol da igualdade entre mulleres e homes e polo seu traballo para construír unha sociedade máis igualitaria baseada nos principios de igualdade, xustiza e solidariedade.

A Xunta aprobou este mesmo ano o Decreto polo que se crean e regulan as Medallas Emilia Pardo Bazán para o recoñecemento de accións relevantes en prol da igualdade entre mulleres e homes, podendo ser destinatarias tanto persoas como colectivos, entidades ou institucións, públicas e privadas que, coa súa traxectoria ou labor, contribúsen e destacasen no desenvolvemento na nosa comunidade de accións relevantes neste ámbito. Entregaranse o 16 de setembro, en conmemoración do nacemento da escritora galega.

As Medallas Emilia Pardo Bazán outorgan un recoñecemento público ás accións desenvolvidas na nosa comunidade e que teñan contribuído e destacado na defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. As medallas levan o nome de Emilia Pardo Bazán por tratarse dunha precursora nas ideas acerca dos dereitos das mulleres e o feminismo; reivindicar a educación e instrución das mulleres como algo fundamental e incorporar en todas as súas obras ideas sobre a modernización da sociedade e o acceso das mulleres aos mesmos dereitos e oportunidades que tiñan os homes na súa época.

A ESTRATEXIA GALEGA DE ECONOMÍA CIRCULAR ROMPERÁ CO SISTEMA ECONÓMICO LINEAL PARA ESTIMULAR AS ACTIVIDADES SUSTENTABLES

- *O Consello da Xunta autorizou o inicio da participación pública deste documento que aposta polo desenvolvemento dun modelo produtivo no cal se busca minimizar a presenza do residuo ou producir alimentos de maior calidade e con menor impacto*
- *Un dos obxectivos é cambiar de mentalidade e pasar 'do que se debe eliminar ao que pode ser recuperado' para acadar sociedades ambientalmente máis sustentables*
- *O documento fixa oito eixes prioritarios de actuación para desenvolver os obxectivos, con cadansúa liña programática e que, en termos xerais, teñen como base común o coñecemento, a formación e a investigación*
- *Destaca como pilar principal a aposta polo Ecodeseño, co que identificar futuras medidas que consigan incrementar a eficiencia material e estender o ciclo de vida dun produto ou dun servizo*
- *Con esta guía e folla de ruta, a Xunta quere converter Galicia nun referente no proceso de cambio cara ao modelo de consumo circular, unha muda a nivel global e transversal que require investigación e innovación para acabar co padrón lineal de recoller, fabricar e tirar*
- *O Goberno galego estima que no desenvolvemento desta Estratexia mobilizarase un investimento de case 890 millóns de euros nos vindeiros 10 anos*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o inicio da tramitación da participación pública da Estratexia Galega de Economía Circular 2019-2030, con que se busca romper a linearidade do actual sistema económico e produtivo para estimular as actividades sustentables.

Con este documento, o Goberno galego quere impulsar un cambio de paradigma na forma en que a sociedade se interrelaciona coa natureza, co fin de previr o esgotamento dos recursos, pechar os ciclos da enerxía e dos materiais e facilitar o desenvolvemento sustentable; polo que avanzar cara ao modelo circular require de innovacións ambientais de tipo cíclico e rexenerativo tanto na forma de legislar como de producir e consumir.

Como punto de partida da Estratexia de Economía Circular, a Xunta tomou en consideración o Plan de acción da Unión Europea en que se recollen máis de 50 medidas nas cales se involucran os consumidores e as empresas. Así, a Xunta elaborou un documento vivo, con capacidade de adaptarse á sociedade galega actual e futura, e que permita establecer as bases que faciliten o cambio cara á economía circular; que abre un novo abano de modelos de negocio, como os baseados na ecoinnovación e no ecodeseño, así como o fomento de fórmulas produtivas, como a colaborativa.

Unha das finalidade deste documento é cambiar de mentalidade e pasar 'do que se debe eliminar ao que pode ser recuperado', para acadar sociedades ambientalmente máis sustentables.

Nese sentido, a Xunta aposta por converter a Galicia nun referente no proceso de cambio do modelo de consumo e uso de recursos naturais, procurando manter o valor dos produtos e materiais durante o maior tempo posible, reducindo ao mínimo a produción de residuos e o consumo de recursos novos obtidos da natureza.

Capas interrelacionadas e oito eixes prioritarios

O deseño da Estratexia Galega de Economía circular está baseada en niveis ou tres capas interrelacionadas, como son: os eixes de actuación, o "corazón", en que se identifican os oito campos sobre os que pivotarán as liñas programáticas (cun horizonte temporal a longo prazo) que incluírán accións específicas de actuación (cun horizonte a curto e medio prazo); os axentes implicados, que son os actores necesarios no desenvolvemento e posta en práctica das accións; e os recursos, que son o fin último da estratexia, pois o obxectivo é minimizar o impacto sobre eles e garantir a súa protección.

Os oito eixes prioritarios fixéronse partindo dun completo diagnóstico no cal se recollen as condicións socioeconómicas galegas e, para cada un deles, elaboráronse propostas concretas en que participaron diferentes axentes, administracións públicas, empresas e cidadanía... co obxectivo de obter impactos positivos nos recursos (na auga, no aire, na enerxía, no solo, nos residuos).

O primeiro dos eixes é o Ecodeseño, o pilar principal, xa que axudará a identificar futuras medidas que consigan incrementar a eficiencia material e estender o ciclo de vida dun produto ou dun servizo. Na economía circular o proceso de fabricación empeza no deseño dos produtos, que se realiza pensando en minimizar os impactos ambientais e sociais en toda a cadea de subministración e no ciclo de vida completo do produto, desde a extracción das materias primas ata a xestión do residuo ao final da súa vida útil. Un produto circular debe ter a capacidade de ser facilmente desmontable e reciclable, o que exige evitar mesturas de materiais, así como identificar cada produto cos materiais empregados.

Nese sentido, as medidas, metas ou indicadores de seguimento para acadar a dita muda son, entre outras, editar un catálogo galego de produtos e servizos ecodeseñados e incrementar o número de produtos, ou servizos, ecoetiquetados producidos en Galicia ou ofrecidos por axentes económicos galegos; promover unha plataforma de avaliación, seguimento e difusión e comunicación en relación co ecodeseño; poñer en valor os recursos característicos do territorio, obtidos mediante uso de tecnoloxías limpas e boas



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

prácticas; e promover estudos que avalen a maior circularidade dos produtos forestais-madeira fronte outras alternativas industriais de Galicia.

Para fomentar actividades e modelos de servizo (Eixe II), a Estratexia propón medidas para que o desenvolvemento da economía circular sexa unha grande oportunidade para abrir novos modelos de negocio e impulsar definitivamente a sustentabilidade na nosa sociedade, ao tempo que sitúa na vangarda o tecido industrial. Para dar resposta a este reto, fomentar a cultura da reparación e a *servizalización* (consumir servizos non produtos, é dicir, o consumo baseado na utilidade dos bens) será unha peza fundamental; polo que se propón promover a formación en actividades de reparación, renovación e mellora de produtos de consumo susceptibles de prologar a súa vida útil e revisar os contidos dos módulos e das competencias de determinadas familias dos estudos de Formación Profesional; o apoio e asesoramento para a dinamización, innovación e modernización do sector de reparación; fomentar e implantar a cultura do uso comunitario de bens e servizos públicos; e desenvolver unha regulación que fomente a compra circular e verde, baseada en criterios de circularidade, proximidade e sustentabilidade.

O Eixe III céntrase na educación e sensibilización e considérase o punto de inflexión para que a Estratexia se implante e a clave para que prenda a filosofía da economía circular nos consumidores, empresarios, administracións e organizacións, acadando que as dimensións económicas e ambientais cheguen a converxer na cuarta revolución tecnolóxica da humanidade. As medidas para avanzar neste eixe están orientadas a incluír os obxectivos da Estratexia na formación docente e nos currículos en todos os niveis educativos e tamén no denominado terceiro sector ou a través da educación ambiental.

As medidas da economía circular converterán Galicia nun factor clave de competitividade industrial (Eixe IV), polo enorme potencial de que dispoñen as empresas para aforrar custosos recursos e materias primas. Unha fonte real de oportunidades económicas para o fomento de empresas innovadoras, a diversificación e internacionalización das existentes, o investimento en novas tecnoloxías e coñecemento e, en consecuencia, a creación de emprego de calidade. As políticas deseñadas tanto a nivel rexional, estatal, como europeo reflicten unha tendencia clara no fomento dunha industria eficiente no uso de recursos, na xestión de residuos e no impacto no ambiente.

Neste sentido, as medidas deben encamiñarse a establecer unha contorna reguladora que estimule unha actividade industrial asentada na economía circular, é dicir, un escenario normativo adaptado ao novo contexto que estimule a ecoloxía industrial; elaborar un plan de axudas para promover modelos de negocio circulares e actividades nas cales se visualicen os ditos resultados; xerar unha carteira de provedores certificados que acompañen as empresas na transición do modelo produtivo, así como

unha rede que facilite a interacción entre os actores relacionados co desenvolvemento da economía circular na industria galega.

Os alimentos, gran potencial de circularidade

A produción de alimentos (Eixe V) no seu conxunto é un gran consumidor de recursos naturais, tanto pola dispoñibilidade de solo como o consumo de auga e outros recursos naturais no seu proceso produtivo. O reto é xerar unha bioeconomía que sexa capaz de producir alimentos de máis calidade e con menor impacto negativo na contorna, unha realidade que exige implantar modelos de produción eficientes no consumo de recursos e na redución de residuos.

A cadea de valor dos alimentos é un dos sectores con maior potencial para incrementar o grao de circularidade nas súas actividades, grazas ás características propias das materias primas, o consumo dos recursos naturais que utiliza e a xeración de residuos; polo que é prioritario promover a colaboración entre o sector biotecnolóxico e o alimentario. A modo de exemplo, propórase o desenvolvemento de programas de valorización de descartes cun catálogo de oferta/demanda, fomentárase a valorización dos residuos pesqueiros, incentívarase o tratamento dos residuos orgánicos *in situ* no sector primario galego, elaborárase un plan de acción para a redución dos plásticos non reciclables no sector primario e na industria alimentaria, e promoverase o tratamento dos xurros por biodixestores nas grandes granxas ou en instalacións que atendan pequenas e medianas a unha distancia máxima de 25 km.

Urbanismo máis ecoeficiente

A construción representa un dos sectores con maior impacto ambiental e que xera unha alta porcentaxe de residuos, polo que a aplicación da economía circular será a clave para a transformación da nova industria da construción. Coa Estratexia quere promoverse un urbanismo máis ecoeficiente (Eixe VI), pois a construción e o uso de edificios absorbe arredor da metade dos materiais que se extraen da natureza e da enerxía que se usa, así como un terzo da auga que se consume e dos residuos xerados.

Para logralo adoptaranse criterios urbanísticos encamiñados a conseguir asentamentos máis sustentables, así como estratexias para a xestión social do espazo arquitectónico vacante ou abandonado; promover o obxectivo de residuo cero nas fases de deseño, uso e fin da vida útil, pór en valor materias primas de orixe galega e a utilización sustentable. Tamén se apostará por deseñar un programa para a localización, identificación e cuantificación do parque inmobiliario baleiro en Galicia ou promocionar a reutilización de elementos e materiais construtivos a través dun servizo web e aplicacións móbiles, así como promover a modificación da normativa técnica sobre arquitectura e urbanismo para minimizar o impacto e favorecer a recuperación de residuos, auga e enerxía nas novas obras e na rehabilitación.



Xestión do ciclo da auga e dos residuos

A dispoñibilidade da auga está a mudar rapidamente polo que é necesario a planificación de accións que garantan o seu aproveitamento eficiente a nivel agrícola, industrial e urbano. A auga non é un recurso renovable, polo que é necesario artellar medidas que garantan a súa dispoñibilidade. A Estratexia aposta por unha xestión integradora e solidaria dos recursos hídricos galegos e por unha maior concienciación sobre o valor deste limitado recurso, promovendo o deseño, produción e uso de equipamentos eficientes na xestión da auga.

É nesta liña (Eixe VII) onde mellor se condensa a filosofía que ten como fío condutor a Estratexia, que intenta inculcar un cambio de mentalidade desde o que se debe eliminar ao que pode ser recuperado para establecer unha sociedade ambientalmente máis sustentable.

As medidas que se propoñen consisten, entre outras, modernizar e substituír de forma paulatina as tubaxes, pois moitas delas teñan máis de 40 anos; cuantificar as perdas de auga nas redes de sumidoiro e de abastecemento; a implantación progresiva de sistemas de drenaxe urbano sustentable, co fin de reducir a presión sobre as depuradoras municipais; estudar a viabilidade de proxectos para a reutilización de augas residuais ou elaborar unha diagnose sobre o estado actual dos acuíferos e niveis freáticos da Comunidade galega. Outras medidas están dirixidas a mellorar as infraestruturas actuais, e a tecnoloxía empregada, promovendo a introdución de tratamentos que permita a reutilización das augas rexeneradas ou transformar as Edares en biorrefinarías da auga, coa produción de subprodutos de alto valor engadido.

O proceso produtivo lineal é o causante de problemas ambientais de gran repercusión para a vida humana, como o esgotamento de recursos, episodios de contaminación, menor produtividade na explotación de recursos, destrución forestal e acumulación de residuos. A Estratexia insta a prevención na xeración e reutilización dos residuos, así como maximizar a recuperación dos materiais coa calidade necesaria para que sexan materias primas que substitúan os recursos naturais.

Os puntais na xestión de residuos (Eixe VIII) son priorizar a circularidade, é dicir, promover a recollida separada de calidade para a compostaxe e a reciclaxe dos residuos. Nesta tarefa as entidades locais terán un papel primordial, polo que se colaborará na análise de novos modelos eficientes de recollida separada de residuos, atendendo aos condicionantes xeográficos e sociais para acadar unha implantación progresiva e se promoverá a compostaxe individual -especialmente para zonas dispersas e vivendas unifamiliares- e comunitaria. Tamén se apostará polo desenvolvemento dun programa galego de industrias limpas e proxectos piloto para a minimización integral de residuos e emisións na industria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A consecución dos obxectivos da Estratexia exige que todos os responsables das políticas públicas e organismos da Xunta de Galicia actúen de forma coordinada entre as diferentes unidades de xestión; tan importantes son os instrumentos normativos como os económicos para asegurar o cumprimento dos retos propostos. Para a consecución dos obxectivos da Estratexia no período 2020-2030 é necesario mobilizar preto de 890 millóns de euros (887.437.000) durante os seus 10 anos de vixencia, que obedece á contribución estimada en función da participación esperada polas entidades públicas e privadas involucradas.

En definitiva, a transición cara unha economía circular supón un cambio global en que a investigación e a innovación xogan un papel clave. Este cambio propón a rotura do actual modelo de produción e consumo cara a implantación de novos procesos que permitan transformar os residuos en novos produtos, e para o que é necesario mellorar a base dos nosos coñecementos científicos e técnicos, desenvolver novas tecnoloxías e rediseñar os procesos produtivos e modelos de negocio que dean forma a unha nova economía e sociedade.